

DEMANDAS DE FeSP-UGT NA MESA SECTORIAL

MESA SECTORIAL CELEBRADA O 6 DE OUTUBRO DE 2020

A ADMINISTRACIÓN, representada polo director Xeral de Centros e Recursos Humanos, no comezo da reunión da Mesa Sectorial ANÚNCIANOS QUE NOS VINDEIROS DÍAS SE CONVOCARÁ UNHA MESA SECTORIAL NA QUE PARTICIPARÁ O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E QUE TRATARÁ MONOGRÁFICAMENTE A PANDEMIA COVID 19. A continuación, abandona a reunión por ter que asistir ó PARLAMENTO de Galicia.

Non nos deu tempo de trasladarlle a el persoalmente o primeiro rogo que si o fixemos diante do Subdirector de Recursos Humanos.

ROGOS E PREGUNTAS:

- Un primeiro rogo: Facer valer á Mesa Sectorial como verdadeiro órgano de representación e negociación do profesorado que se lexitima nas catro xuntas de persoal da Comunidade Autónoma. Non entramos a valorar a existencia do Comité de Expertos que asesora á Consellería, igual que tampouco entramos a valorar que se utilice á xunta de directores para convalidar e reforzar decisións políticas que de ningunha maneira se quixeron negociar nesta Mesa de Negociación. Somos conscientes, e a administración tamén (por iso o fai) que á Consellería ten máis doado tratar cun órgano que ela mesma nomea e outro que é o representante da administración no centro que aqueles que foron elixidos para representar ó conxunto do profesorado. Lamentamos que ante a situación que estamos a vivir se nos convoque no mes de outubro e por necesidades xurídicas e temporais que son a addenda do acordo de interinos e por outra banda a convocatoria do CXT.
- Despois da resolución unánime da Xunta de Persoal de A Coruña preguntamos que vai facer a administración co acontecido no CEIP de Mera, coa súa dimisión ditada e redactada de puño e letra, e onde por certo tamén manifestou na mesma que non estaba de acordo. Que vai facer co cese completo do equipo directivo (xefe de estudos e secretario). A día de hoxe ese centro están sen ningunha persoa do equipo directivo. Consideramos esta acción de enorme irresponsabilidade nuns momentos como os que estamos a vivir. Demandamos o cese inmediato do Xefe Territorial e se depuren as responsabilidades que pode haber tanto na xestión do transporte coma no comportamento da inspección educativa neste caso concreto.

- Faltas por PCR OU CONFINAMIENTO. Instrucións da administración claras. Algúns inspectores ante síntomas que pode manifestar o profesorado indican que vaian a imprevistos...
- Rogo, queixa: persoal auxiliares de conversa. 4 meses en cada sitio. Non se entende moito que este persoal, cos horarios feitos estea catro meses en cada sitio. A desculpa soa mal, xa que hai profesorado que itinera e non por iso se agrupan as clases nuns determinados meses do ano.
- Desprotección da comunidade educativa da provincia de Ourense ante a non paralización da actividade lectiva presencial. No día de hoxe, esiximos que ante o inminente confinamento da cidade de Ourense, a administración tome medidas e protexa á comunidade educativa do concello. Non é de recibo que en lugares da cidade onde non están permitidos agrupamentos de persoas estean exceptuados os grupos de alumnos e alumnas dos centros educativos. Estamos a falar de recreos, de saídas ó exterior de alumnado de BAC, das entradas e saídas...
- Rogamos que se facilite a xornada de mañá nos centros educativos públicos de toda a CCAA; de xeito que se garanta a non entrada e saída múltiples veces ao día dos traballadores e do alumnado. Non pode ser que se conceda soamente nos centros que non teñen transporte escolar. A escola pública volve a estar supeditada ás instrucións de infraestruturas coa derivación do servizo de transporte escolar e debe primar a saúde da comunidade educativa antes que a económica. Se hai que duplicar transporte, fágase.
- Dotación de material de protección acorde ás características do profesorado e dos centros educativos (máscaras fpp2 entre outras) por parte da consellería de educación.
- Cal foi a incidencia das PCR realizadas no ámbito do ensino?
- Rogamos que se axilice a realización de probas PCR. Houbo problemas á hora de realizarlle probas PCR a substitutos de longa duración.
- Desprotección das unitarias: Rogo de facilitar ás persoas que están en unitarias de dispositivos de alerta ou socorro que sexan de fácil emprego polos nenos e nenas de infantil e que non sexa necesario empregar dispositivos con patróns de axuste de seguridade.
- Axilidade na baremación das listas abertas ata o momento e que están en proceso de baremación das listas.
- Rogamos se doten ós centros educativos cos ordenadores anunciados polo goberno da Xunta de Galicia e que a día de hoxe, centros que van a ter aulas virtuais aínda non teñen. Existen centros que comparten oito ordenadores para 55 profesores.
- Debe recoñecérselle o traballo ós coordinadores e integrantes do equipo COVID 19. Non pode ser que nin a efectos de méritos, nin económicos este traballo non sexa recoñecido.

- Dar instrucións claras sobre como se deben confeccionar os horarios do profesorado no centro educativo. A norma é moi clara ó respecto e en moitos centros están a facer horarios ilegais por parte das direccións dos centros.
- Tamén foron prantexadas as seguintes:
 - Con que porcentaxe e cal é a súa contía do orzamento do programa ARCO participa a Xunta de Galicia e con cal o Ministerio de Educación.
 - Queixa polo acontecido no exame das EOI'S.
 - Como se vai solucionar o das Licenzas de Formación daquel profesorado que non puido tela por confinamento?
 - Que se ditén instrucións claras de que as programacións das oposicións non deben contemplar a situación de COVID.
 - Que se revisen os informes de persoas especialmente sensibles ó COVID 19. Están a responder de xeito estándar a todos os solicitantes.
 - Que se revisen as afinidades do CADP. Volve haber materias afíns estrañas que están a crear perfís ad hoc.
 - Regulación da teledocencia.
- A administración respondeu ó seguinte:
 - En canto ás dificultades existentes nas EOI'S, procederon a prorrogar os nomeamentos do profesorado.
 - En canto ás listas afirman que hai entre 15000 e 16000 solicitudes de inclusión en listas.
 - En canto á programación do proceso selectivo, sinala que o que debe contemplar a programación está sinalado na convocatoria.
 - En canto ós problemas que hai na xestión sobre as persoas que conforman o núcleo familiar con sospeitosos de contaxio, valería a declaración responsable. No caso de que haxa un familiar (menor) que teña que gardar obrigatoriamente corentena a administración non o vai contemplar como feito extraordinario e terá o tratamento que tería ante unha enfermidade. É dicir, coma se tivese unha gripe.

AGARDAMOS Á PRÓXIMA CONVOCATORIA DO CONSELLEIRO.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2020